

PROTOCOLO DE ACTUACIÓN ANTE AS FALTAS DE ASISTENCIA E DE PUNTUALIDADE

1. A asistencia a clase e a puntualidade na entrada e saída de acordo co horario establecido son obrigatorias. Tamén é obrigatoria a asistencia ás actividades complementarias que se realicen dentro do Centro, ou aquelas que se realicen fóra do Centro de xeito gratuío e teñan a autorización pertinente.

2. O profesorado non ten o dereito de impedir a entrada do alumnado nas aulas cando haxa demoras. Deberá apuntar eses demoras no programa de notificacións de faltas do Centro.

3. As faltas de asistencia serán controladas:

- polo profesorado de cada grupo, que deberá introducilas semanalmente no programa de notificacións de faltas do Centro;

- polos titores, responsables de comprobar a xustificación ou non das mesmas, e de comunicar á nai, pai ou titor legal do alumnado as faltas sen xustificar, coa maior brevidade.

4. A xustificación das faltas de asistencia a clase do alumnado realizarase ante o profesorado titor e por parte da nai, do pai ou das persoas titoras legais ou gardadoras do alumnado, acompañando segundo proceda:

a) Xustificante médico, no caso de enfermidade propia ou grave dun familiar de primeiro ou segundo grao.

b) Documento acreditativo, no caso de deberes inescusables, presentación a exames ou morte de familiares de primeiro ou segundo graos.

c) Calquera outro documento acreditativo da circunstancia que xustifique a ausencia.

5. Con carácter xeral, teñen a consideración de xustificables as seguintes faltas de asistencia a clase do alumnado:

a) Citacións que impliquen un deber inescusable, sendo xustificable o tempo necesario.

b) Morte ou enfermidade grave dun familiar de primeiro ou segundo grao.

c) Tramitación de documentos oficiais, presentación a exames e probas oficiais ou similares, sendo xustificable o tempo necesario.

d) Indisposicións, podendo ser xustificables ata un máximo de 2 días lectivos.

e) Enfermidade, sendo xustificable o tempo de prescrición médica.

No caso de faltas de asistencia a clase do alumnado non contempladas no apartado anterior, quedará a criterio da dirección do centro educativo a consideración das excepcionais circunstancias que concorran para a súa xustificación ou non. En todo caso, deberá garantirse o dereito á escolarización da alumna ou do alumno. As faltas de asistencia nos días en que se realicen exames so poderán xustificarse coas aportacións documentais establecidas no punto 4.

6. O profesorado titor deberá comunicar ás nais, aos pais ou ás persoas titoras legais ou gardadoras do alumnado todas as faltas de asistencia a clase de cada mes, dentro dos primeiros cinco días naturais do mes seguinte e diferenciando as faltas xustificadas das non xustificadas.

A comunicación será mediante carta, que as nais, pais ou titores legais deberán devolver asinada coa maior brevidade posible.

7. Segundo establece o Protocolo Educativo para a prevención e control do absentismo escolar en Galicia, cando o profesorado titor verifique que un alumno presenta un número de faltas de asistencia a clase sen xustificar superior ao dez por cento (10 %) do horario lectivo dun determinado mes, comunicará a situación á Xefatura de Estudos, quen iniciará un expediente de absentismo dentro dos sete días naturais seguintes á data na que as faltas de asistencia a clase sen xustificar superaron o devandito dez por cento do horario lectivo mensual.

8. A acumulación de faltas sen xustificar do alumnado de Bacharelato pode chegar a constituír falta grave con apertura automática de proceso sancionador, incluíndo a perda do dereito á avaliación continua. Segundo o artigo 44.2 do decreto 732/1995, serán os Regulamentos de Réxime Interno de cada Centro (N.O.F., neste caso) os que determinen o número máximo de faltas por curso, área e materia e os sistemas extraordinarios de avaliación previstos para o alumnado implicado.

A regulación é a seguinte:

1. Cando o número de faltas de asistencia non xustificadas dun alumno cheguen a constituír unha falta leve (véxase o establecido na tipificación de faltas como Falta leve 1), o profesorado afectado cubrirá o correspondente parte de incidencias e comunicará os feitos á Xefatura de Estudos, que se encargará de avisar telefonicamente á familia. Se o alumno continúa faltando de forma inxustificada ata cometer outra falta leve, o profesor cubrirá un segundo parte, e a Xefatura de Estudos procederá a comunicar por escrito a falta, advertindo da posibilidade de perda do dereito á avaliación continua. De continuar as faltas, a Xefatura de Estudos, de acordo co titor ou titora, realizará as xestións pertinentes e procederase á correspondente perda do dereito á avaliación continua na materia ou materias correspondentes.

2. No caso de que se perda o dereito á avaliación continua nunha ou máis materias, cada Departamento Didáctico debe establecer o tipo de proba extraordinaria que permita valorar o nivel de coñecementos do implicado.